



## AUTORIZACIÓN DOS CENTROS PREVISTOS NO ARTIGO 8.2 DO REAL DECRETO 795/2010, DE 16 DE XUÑO, QUE POIDAN IMPARTIR E AVALIAR OS PROGRAMAS FORMATIVOS CONTEMPLADOS NO MESMO.

O artigo 8 do Real Decreto 795/2010, de 16 de xuño, establece o seguinte:

“1.- Os programas formativos especificados no anexo II poderán ser impartidos e avaliados polos seguintes centros:

- a) Centros integrados de Formación Profesional conforme ao disposto no Real Decreto 1558/2005, de 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional.
- b) Centros ou entidades de formación públicos e privados acreditados pola administración laboral competente segundo o establecido no artigo 9 do Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o Subsistema de Formación Profesional para o Emprego.
- c) Centros de Referencia Nacional segundo o dispuestos no artigo 11.7 da Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional e no Real Decreto 229/2008, de 15 de febreiro, polo que se regulan os Centros de Referencia Nacional no ámbito da formación profesional.
- d) Centros públicos de educación e centros privados, autorizados pola administración educativa para impartir os ciclos formativos conducentes á obtención dos títulos de formación profesional relacionados no anexo I.

2.- Adicionalmente aos centros relacionados no apartado anterior, os programas formativos do anexo II poderán ser impartidos e avaliados por centros autorizados pola administración laboral competente, logo da comprobación da dispoñibilidade do persoal docente e os medios técnicos e materiais axeitados, así como dos procedementos de notificación e conservación de rexistros que aseguren a documentación dos resultados individuais e globais da avaliación dos programas formativos impartidos.”

En aplicación do anterior artigo, os centros que pretendan obter a autorización á que fai referencia o parágrafo segundo, deberán presentar na Dirección Xeral de Formación e Colocación a solicitude que figura como anexo III á Resolución de 15 de febreiro de 2012 pola que se publican os modelos de solicitude de certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición dos programas formativos referidos á manipulación de gases fluorados e equipos, publicada no Diario Oficial de Galicia, acreditando que reúnen os requisitos que se relacionan a continuación e aportando a documentación indicada.

Dentro da formación para o emprego que xestionan a Consellería de Traballo e Benestar, déronse de alta determinadas especialidades que inclúen todos os contidos teórico-prácticos establecidos nalgúns dos programas formativos regulados polo R.D. 795/2010. Estas especialidades serían as seguintes:

- Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados. Curso básico (IMAR01).



- Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados. Curso complementario (IMAR02).
- Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos que utilizan refrixerantes fluorados (IMAR03).
- Manipulación de sistemas frigoríficos que empregen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos (TMVE22).

Dadas as coincidencias dos programas formativos definidos pola Administración Laboral e os programas formativos contemplados no anexo II do Real Decreto 795/2010, establecense as seguintes equivalencias:

PROGRAMA DEFINIDO <b>ADMINISTRACIÓN LABORAL</b>	FORMATIVO POLA	EQUIVALENCIA COS PROGRAMAS FORMATIVOS ANEXO II RD 795/2010.
IMAR01		PF2
IMAR02		PF1
IMAR03	Completo	PF1 + PF2, PF3
	Solo módulos 1 e 4	PF3A
	Sólo módulos 2 e 3	PF3B
TMVE22		PF5

**REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR E DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS CENTROS DE FORMACIÓN PARA SOLICITAR A AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DOS PROGRAMAS FORMATIVOS 1, 2, 3, 3A, 3B e 5.**

**I.-Requisitos xerais. Documentación a presentar:**

- a) Solicitud (Anexo III da Resolución de 15 de febreiro de 2012 pola que se publican os modelos de solicitude de certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición dos programas formativos referidos á manipulación de gases fluorados e equipos).
- b) Xustificación da personalidade xurídica da entidade (escritura de constitución, estatutos ou documentación equivalente).
- c) Xustificación do poder do represente legal.
- d) Documento que acredite a propiedade, arrendamento ou dereito de uso do centro de formación.
- e) NIF/CIF
- f) Licenza municipal de apertura do local (como centro de formación ou da súa actividade principal).
- g) Duración total dos cursos relativos aos programas formativos aplicables á solicitude presentada, sinalados no Anexo II do Real Decreto 795/2010, con desglose dos contidos teóricos e prácticos e as horas de avaliación.
- h) Memoria descriptiva das actividades formativas do centro (programa do/s curso/s a impartir, criterios de avaliación, características da convocatoria, prácticas do curso, etc).



- i) Número máximo de alumnos/as por curso.
- j) Sistema previsto de evaluación e superación dos cursos.

**II.-Docentes:** Os docentes deberán reunir os requisitos esixidos en cada un dos programas formativos definidos pola administración laboral que resulte equivalente ao programa formativo do RD 795/2010 solicitado. Deberán achegar no momento da solicitude:

- Relación nominal das persoas que impartirán o curso, así como xustificación documental de que reúnen os requisitos esixidos en cada un dos programas formativos definidos pola administración laboral que resulte equivalente ao programa formativo do RD 795/2010 solicitado.
- Xustificación da vinculación do persoal docente á entidade (contrato laboral, arrendamento de servizos, etc).

**III.-Alumnos:** Os alumnos deberán reunir os requisitos esixidos para o acceso en cada un dos programas formativos definidos pola administración laboral que resulte equivalente ao programa formativo do RD 795/2010 solicitado.

Poderán participar un máximo de 25 alumnos por curso.

**IV.-Medios técnicos e materiais:** Os requisitos mínimos de espazos e equipamentos virá determinada polos programas formativos definidos pola administración laboral que resulte equivalente ao programa formativo do RD 795/2010 solicitado. Deberán acreditarse, no momento da solicitude, coa seguinte documentación:

- Planos a escala axeitada que reflectan as aula e talleres dedicados aos cursos solicitados nos que consten debidamente localizadas as zonas adscritas para as clases teóricas e para as prácticas.
- Memoria descriptiva detallada dos equipamentos e maquinaria, ferramentas e accesorios e, en xeral, medios materiais con que conta cada centro de impartición.

**V.-Modalidade de impartición:** Permitirse a modalidade mixta de impartición, respectando sempre as porcentaxes definidas nos programas formativos definidos pola administración laboral que resulte equivalente aos programas formativos do RD 795/2010 solicitados. No caso de optar por esta modalidade deberán achegar unha declaración de que reúnen os requisitos esixidos polos correspondentes programas da administración laboral para a impartición a través desta modalidade.

**VI.-Comunicación de inicio:** Antes dos dez días de inicio do curso deberá presentarse unha comunicación da data de inicio e de finalización, data e lugar de realización da formación teórica e práctica e relación de alumnos.

**VII.-Seguimiento:** Os cursos poderán ser supervisados por técnicos da Consellería de Traballo e Benestar, para comprobar que a ensinanza se axusta ao autorizado.



**VIII.-Comunicación final:** Unha vez finalizado o curso, a entidade de formación remitirá á Dirección Xeral de Formación e Colocación a acta de avaliación.

**IX.-**Os centros que, en aplicación do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, estean inscritos nas especialidades (IMAR01), (IMAR02), (IMAR03) e (TMVE22), cando soliciten autorización para a impartición dun programa formativo do RD 795/2010 que resulte equivalente á especialidade na que estean inscritos, non terán que presentar a documentación xustificativa relacionada anteriormente relativa a requisitos xerais e medios técnicos e materiais que xa presentasen no momento da inscrición no rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.

**X.-** Os centros que, en aplicación do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, estean acreditados nas especialidades vencelladas a un certificado de profesionalidade que dea acceso á obtención dunha certificación persoal das reguladas no anexo I do RD 795/2010, cando soliciten autorización para a impartición dun programa formativo do RD 795/2010 conducente á obtención desa certificación persoal, non terán que presentar a documentación xustificativa relacionada anteriormente relativa a requisitos xerais e medios técnicos e materiais que xa presentasen no momento da acreditación no rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.



## REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR E DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS CENTROS DE FORMACIÓN PARA SOLICITAR A AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO 4.

### I.-Requisitos xerais. Documentación a presentar:

- a) Solicitud (Anexo III da Resolución de 15 de febreiro de 2012 pola que se publican os modelos de solicitude de certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición dos programas formativos referidos á manipulación de gases fluorados e equipos).
- b) Xustificación da personalidade xurídica da entidade (escritura de constitución, estatutos ou documentación equivalente).
- c) Xustificación do poder do represente legal.
- d) Documento que acredite a propiedade, arrendamento ou dereito de uso do centro de formación.
- e) NIF/CIF
- f) Licenza municipal de apertura do local (como centro de formación ou da súa actividade principal).
- g) Duración total dos cursos relativos aos programas formativos aplicables á solicitude presentada, sinalados no Anexo II do Real Decreto 795/2010, con desglose dos contidos teóricos e prácticos e a horas de avaliación.
- h) Memoria descriptiva das actividades formativas do centro (programa do/s curso/s a impartir, criterios de avaliación, características da convocatoria, prácticas do curso, etc).
- i) Número máximo de alumnos/as por curso.
- j) Sistema previsto de avaliación e superación dos cursos.

**II.-Docentes:** Os docentes deberán reunir os requisitos esixidos pola administración laboral no programa formativo Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos que utilizan refrixerantes fluorados (IMAR03).

Deberán achegar no momento da solicitude:

- Relación nominal das persoas que impartirán o curso, así como xustificación documental de que reúnen os requisitos esixidos no programa formativo Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos que utilizan refrixerantes fluorados (IMAR03).
- Xustificación da vinculación do persoal docente á entidade (contrato laboral, arrendamento de servizos, etc).

**III.-Alumnos:** Os alumnos deberán reunir os requisitos pola administración laboral no programa formativo Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos que utilizan refrixerantes fluorados (IMAR03).

Poderán participar un máximo de 25 alumnos por curso.

**IV.-Medios técnicos e materiais:** Os requisitos mínimos de espazos e equipamentos virá determinada polos requisitos esixidos pola administración laboral no programa formativo Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos que utilizan



refrigerantes fluorados (IMAR03). Deberán acreditarse, no momento da solicitude, coa seguinte documentación:

- Planos a escala axeitada que reflicten as aula e talleres dedicados aos cursos solicitados nos que consten debidamente localizada sas zonas adscritas para as clases teórica se para as prácticas.
- Memoria descritiva detallada dos equipamento se maquinaria, ferramentas e accesorios e, en xeral, medios materiais con que conta cada centro de impartición

**V.-Modalidade de impartición:** Permitirase a modalidade mixta de impartición. A impartición da parte práctica ou teórico-práctica e de avaliación dos cursos deberá ser realizada sempre de forma presencial.

No caso de optar pola modalidade mixta deberán achegar unha declaración de que reúnen os requisitos esixidos polo programa formativo Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos que utilizan refrigerantes fluorados (IMAR03).

**VI.-Comunicación de inicio:** Antes dos dez días de inicio do curso deberá presentarse unha comunicación da data de inicio e de finalización, data e lugar de realización da formación teórica e práctica, relación de formadores que van impartir o curso e relación de alumnos.

**VII.-Seguimiento:** Os cursos poderán ser supervisados por técnicos da Consellería de Traballo e Benestar, para comprobar que a ensinanza se axusta ao autorizado.

**VIII.-Comunicación final:** Unha vez finalizado o curso, a entidade de formación remitirá á Dirección Xeral de Formación e Colocación a acta de avaliación.

**IX.-**Os centros que, en aplicación do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, estean inscritos na especialidade IMAR03 cando soliciten autorización para a impartición do programa formativo 4 do RD 795/2010, non terán que presentar a documentación xustificativa relacionada anteriormente relativa a requisitos xerais e medios técnicos e materiais que xa presentasen no momento da inscrición no rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.

**X.-**Os centros que, en aplicación do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditação dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, estean acreditados nas especialidades vencelladas a un certificado de profesionalidade que dea acceso á obtención dunha certificación persoal das reguladas no anexo I do RD 795/2010, cando soliciten autorización para a impartición dun programa formativo do RD 795/2010 conducente á



obtención desa certificación persoal, non terán que presentar a documentación xustificativa relacionada anteriormente relativa a requisitos xerais e medios técnicos e materiais que xa presentasen no momento da acreditación no rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.



## **REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR E DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS CENTROS DE FORMACIÓN PARA SOLICITAR A AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DOS PROGRAMAS FORMATIVOS 6, 7 e 8.**

### **I.-Requisitos xerais. Documentación a presentar:**

- a) Solicitud (Anexo III da Resolución de 15 de febreiro de 2012 pola que se publican os modelos de solicitud de certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición dos programas formativos referidos á manipulación de gases fluorados e equipos).
- b) Xustificación da personalidade xurídica da entidade (escritura de constitución, estatutos ou documentación equivalente).
- c) Xustificación do poder do represente legal.
- d) Documento que acredeite a propiedade, arrendamento ou dereito de uso do centro de formación.
- e) NIF/CIF
- f) Licenza municipal de apertura do local (como centro de formación ou da súa actividade principal).
- g) Duración total dos cursos relativos aos programas formativos aplicables á solicitude presentada, sinalados no Anexo II do Real Decreto 795/2010, con desglose dos contidos teóricos e prácticos e a horas de avaliación.
- h) Memoria descriptiva das actividades formativas do centro (programa do/s curso/s a impartir, criterios de avaliación, características da convocatoria, prácticas do curso, etc).
- i) Número máximo de alumnos/as por curso.
- j) Sistema previsto de avaliación e superación dos cursos.

**II.-Docentes, medios técnicos e materiais:** Os centros deberán dispor do persoal docente e os medios técnicos e materiais axeitados para a impartición de cada un dos programas formativos.

Deberán achegar no momento da solicitude:

- Relación nominal das persoas que impartirán o curso, así como xustificación documental de que reúnen os requisitos esixidos no programa formativo.
- Xustificación da vinculación do persoal docente á entidade (contrato laboral, arrendamento de servizos, etc).
- Planos a escala axeitada que reflicten as aula e talleres dedicados aos cursos solicitados nos que consten debidamente localizada sas zonas adscritas para as clases teóricas e para as prácticas.
- Memoria descriptiva detallada dos equipamento se maquinaria, ferramentas e accesorios e, en xeral, medios materiais con que conta cada centro de impartición

**III.-Alumnos:** Persoas ocupadas e desempregadas interesadas en obter a acreditación da competencia correspondente a cada un dos programas formativos, segundo o RD 795/2010, do 16 de xuño.



Poderán participar un máximo de 25 alumnos por curso.

**IV.-Modalidade de impartición:** Permitirase a modalidade mixta de impartición. A impartición da parte práctica ou teórico-práctica de avaliación dos cursos deberá ser realizada sempre de forma presencial.

**V.-Comunicación de inicio:** Antes dos dez días de inicio do curso deberá presentarse unha comunicación da data de inicio e de finalización, data e lugar de realización da formación teórica e práctica, relación de formadores que van impartir o curso e relación de alumnos.

**VI.-Seguimiento:** Os cursos poderán ser supervisados por técnicos da Consellería de Traballo e Benestar, para comprobar que a ensinanza se axusta ao autorizado.

**VII.-Comunicación final:** Unha vez finalizado o curso, a entidade de formación remitirá á Dirección Xeral de Formación e Colocación a acta de avaliación.

**VIII.-** Os centros que, en aplicación do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, estean acreditados nas especialidades vencelladas a un certificado de profesionalidade que dea acceso á obtención dunha certificación persoal das reguladas no anexo I do RD 795/2010, cando soliciten autorización para a impartición dun programa formativo do RD 795/2010 conducente á obtención desa certificación persoal, non terán que presentar a documentación xustificativa relacionada anteriormente relativa a requisitos xerais e medios técnicos e materiais que xa presentasen no momento da acreditación no rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.